



Consonte ao disposto no apartado 3.21.2 da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, a Secretaría Xeral para o Deporte ditou unha Resolución o 15 de xuño de 2020 pola que se aproba o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO no que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

No apartado segundo, dispónse que cada federación deportiva galega elaborará o seu propio protocolo consonte o contido desta norma básica, atendendo ás súas modalidades e especialidades deportivas, e no apartado cuarto que as federacións deportivas galegas comunicarán á Secretaría Xeral para o Deporte os seus respectivos protocolos así como a persoa que asuma as labores da súa coordinación e seguimento.

Na data do 31/07/2020 a Real Federación Galega de Fútbol remite á Secretaría Xeral para o Deporte o protocolo para os adestramentos de Fútbol, Fútbol Sala e Fútbol Gaélico.

Javier Rico Díaz, asesor do Gabinete da Secretaría Xeral para o Deporte e coordinador dos grupos de traballo para a elaboración dos protocolos FISICOVID-DXTGALEGO, **CERTIFICA**

Que o protocolo da Real Federación Galega de Fútbol para os adestramentos de Fútbol, Fútbol Sala e Fútbol Gaélico adecúase ao disposto no protocolo FISICOVID-DXTGALEGO polo que se establecen as medidas para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 no ámbito do deporte federado de Galicia.

Santiago de Compostela, 4 de Agosto de 2020

Javier Rico Díaz

Asesor do Gabinete da Secretaría Xeral para o Deporte

